# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011- CDR O VISO







## CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "O VISO"

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011- CDR O VISO



CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "O VISO"
Entidade declarada de Utilidade Pública

32631 Lodoselo—Sarreaus
Tfno: 988461571—988454408
Www.cdroviso.org— info@cdroviso.org

# ÍNDICE:


1. Presentación pàx. 3
2. Identidade: páx. 4
   2.1 Misión
   2.2 Visión
   2.3 Valores
3. Fins do CDR O Viso. Páx. 5
4. Recursos humanos. Páx. 6
   4.1 Estructura organizativa
   4.2 Xunta Directiva
5. Actividades e programas páx. 7
6. Resumen memoria económica páx.13
7. Fontes de financiamento. Páx.14

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011- CDR O VISO

## 1. PRESENTACIÓN:

A memoria anual do CDR O VISO, é un documento informativo que nos permite coñecer as actuacións desenvolvidas durante o ano 2011 proporcionando unha visión xeral a través dos datos estatísticos mais significativos: actividades, áreas de actuación, datos económicos, entidades colaboradoras, persoas traballadoras, persoas voluntarias, persoas beneficiarias..

Cabe destacar o impacto positivo que nos nosos núcleos rurais ten o desenvolvemento deste tipo de proxectos, sobre todo os servizos de proximidade, como recursos de atención, prevención; ademais de posibilitar que as persoas maiores permanezan cunha mellor calidade de vida nos seus fogares, potencian unha participación mais activa na súa comunidade, o que xa en sí entraña gran valor e importancia xa que en moitas ocasións as persoas maiores permanecen illadas, pasivas, e invisibles, a pesar de ser un grupo social que en moitos dos nosos núcleos rurais superan o 70% da poboación.

Xa presumíamos que o ano 2011 non ía ser un ano fácil pola situación económica na que nos atopamos e todos somos coñecedores das consecuencias e polo tanto, do retroceso nas políticas sociais que se están a producir e que afectan moi directamente a moitas das familias coas que traballamos e a nós mesmos. Pero debemos insistir e traballar coas persoas que forman parte do noso medio rural en procesos de desenvolvemento integral e comunitarios que asumen o desafío de facer medrar a tódalas persoas e a toda a persoa. A exclusión social relaciónase estreitamente coa pobreza, pero merece outra mirada. Incide máis ben nunha privación de oportunidades e de dereitos para moitos habitantes do noso medio rural, e particularmente para os que viven nos pobos máis illados e peor dotados.

Temos que ter en conta un aspecto fundamental da necesidade de manter e seguir dando apoio a este tipo de proxectos integrais no noso medio, primeiro pola escaseza dos mesmos e porque ademais de facilitar o acceso a servizos de atención a toda a comunidade, están xerando novos empregos, contribuíndo a activar a economía e fixar a poboación na nosa zona.
Imprescindible contar coa axuda e contribución de tódalas entidade públicas e privadas e de tódalas persoas que co seu traballo diario e coa súa contribución voluntaria, fan posible a continuidade do noso proxecto.

Coordinadora do CDR O Viso.

## 2. IDENTIDADE:

### 2.1 MISIÓN

Traballar coa xente do medio rural limiá en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda a persoa e a todas as persoas.

### 2.2 VISIÓN:

Ser un referente da utopía realizable no medio rural galego, de que o que ten que facerse é posible; e termos o punto de referencia constante da dignidade persoal coa conciencia de que se educa á persoa para a súa comunicación e comuñón cos demais e co entorno.

### 2.3 VALORES:

A inquietude e o compromiso prioritario, o noso verdadeiro norte, é desenvolver unha auténtica educación integral.

De liberación: da liberdade interior e da conciencia crítica.

Do diálogo, da convivencia pacífica e do sentido democrático.

Da expresión, da creatividade e da acción.

Do sentido da persoa, dos valores, en concreto pola garantía dos valores éticos fundamentais (da xustiza absoluta coas persoas e coa historia, a convivencia fraterna e o respecto e a acollida).

Do sentido do ben común, da pertenza a un pobo e da conciencia histórica.

3. FINS: Son fins da asociación do CDR "O Viso" os seguintes:

a) Ser lugar de encontro e coordinación de institucións, grupos e persoas que traballan e están preocupadas polo medio rural e a súa específica problemática.

b) Realizar estudios e análises obxectivos sobre a situación actual e as perspectivas de futuro das zonas rurais.

c) Ser centro de iniciativas tendentes a impulsar e canalizar accións conxuntas coas diversas Administracións, (local, provincial, autonómica, estatal e internacional) entidades e institucións, públicas e privadas, tendentes á solución dos problemas da zona.

d) Impulsar a educación, formación, información, ensinanza e cultura popular do medio rural en tódolos seus aspectos e promover o desenvolvemento e progreso humano, económico e social do mesmo.

e) Apoiar cantas iniciativas aparezan a favor da revalorización humana, técnica e económica, da agricultura e da gandería, á vez que se promove a busca de novas actividades sociais e económicas, nacidas dun posible mellor aproveitamento dos recursos humanos e naturais.

f) Promover a participación de tódolos membros da comunidade e prestar servizos a tódolos sectores de poboación: infancia, mocidade, mulleres, terceira idade e outros colectivos en situación de marxinación social, na afirmación da súa propia identidade rural e con referencia especial á familia.

g) Organizar cantas actividades sexan precisas para a mellor información e formación nos diversos campos: economía social, emprego, cooperativismo, asociacionismo, necesidades de equipamento e asistenciais, rehabilitación do medio físico natural, protección da biodiversidade, eficiencia no uso dos recursos naturais, economía, transformación e comercialización agraria e gandeira, animación socio-cultural, lúdicas e de potenciación da expresión e comunicación, do artesanado, turismo rural, etc.....

h) Ser unha entidade prestadora de servizos á mocidade na que estarán integrados mozos/as con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos; organizando cantas actividades sexan precisas para alcanzar tódolos fins incluídos no artigo 4º (fins desta asociación) de forma específica para este sector da poboación.

i) Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos ós colectivos de discapacitados, enfermos mentais, menores en situación de conflito e risco social, inmigrantes, minorías étnicas, xitanos.... e outros colectivos en situación de exclusión social.

j) Encamiñar tódalas actuacións a fomenta-lo desenvolvemento do principio de igualdade de xénero.

k) Ser unha entidade de acción voluntaria que promocione e fomente a formación, sensibilización, información e participación de voluntarios/as no CDR "O Viso" e outras asociacións ou entidades e programas de voluntariado.

4. RECURSOS HUMANOS:
4.1 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA




4.2 XUNTA DIRECTIVA:

**Presidente:** D. JOSÉ ANTONIO PÉREZ CARRERA
**Vicepresidente:** D. XOSÉ RAMÓN JORGE JANEIRO
**Secretario:** D. Tomás García García
**Ecónomo:** EDELMIRO MARTÍNEZ CERREDELO
**Portavoz:** ANTONIO RODRÍGUEZ CORBAL
VOGAIS:
EMILIO JOSÉ GIL FERNÁNDEZ
MODESTO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

## 5. ACTIVIDADES E PROGRAMAS:

RESUMO DO CONTIDO DO PROGRAMA:

Durante este período, dende o CDR “O Viso” continuamos e ampliamos, como en anos anteriores, a acción social a través do programa integral dirixido á poboación rural máis vulnerable da comarca (maiores, discapacitados, mulleres, xuventude, infancia) -colectivos excluídos ou con risco de exclusión social, a través de accións globais de carácter social, educativas, económicas, de formación e emprego para que a nosa comunidade permaneza no seu medio e nunhas mellores condicións e calidade de vida.

ACCIÓNS E PROXECTOS LEVADOS A CABO POLO CDR “O VISO”:

- OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL E COMUNITARIA: INFORMACIÓN DIRECTA, AUTO-CONSULTA, AXUDA Ó EMPREGO...
- FORMACIÓN PARA MOZOS/AS A TRAVÉS DA ESCOLA DE TEMPO LIBRE LIMICORUM
- PROGRAMA DE POBO ESCOLA QUE QUERE CONTRIBUíR Ó MANTEMENTO E DESENVOLVEMENTO DAS PERSOAS QUE QUEDAN NA NOSA CONTORNA.
- CAMPAÑAS E MESAS INFORMATIVAS DE SENSIBILIZACIÓN PARA TODA A POBOACIÓN.
- CENTRO SOCIAL COMUNITARIO: ACTIVIDADES PARA TODA A COMUNIDADE
- ATENCIÓN E APOIO AOS NOSOS MAIORES (SERVIZOS DE PROXIMIDADE) SERVIZO DE LAVANDERÍA, COMEDOR SOCIAL E COMUNIYARIO, XANTAR AO DOMICILIO, TRANSPORTE ADAPTADO, PODOLOXÍA, FISIOTERAPIA, TERAPIA OCUPACIONAL.
- VIVENDA COMUNITARIA “A TÚA OUTRA CASA” EN LODOSELO PARA 12 PERSOAS MAIORES.
- SERVIZO DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DIVULGACIÓN DA ACCIÓN VOLUNTARIA.. PROGRAMA DE XUVENTUDE EN ACCIÓN 2. DO SVE COMO ENTIDADE DE ENVÍO E ACOLLIDA
- ANIMACIÓN DO TEMPO LIBRE INFANTIL
- CENTRO COLABORADOR CO SERVIZO SOCIAL PENAL EXTERNO DE OURENSE.

Un ano máis podemos dicir que estamos ante un programa totalmente social encamiñado a atender situacións de necesidade e/ou marxinación das persoas que viven no noso medio rural desfavorecido, complementando así os programas sociais das distintas institucións públicas e privadas, escasas aínda na nosa zona.

NÚMERO DE USUARIOS/AS DIRECTOS: 2.750

CENTRO INFORMACIÓN XUVENIL.
ACTIVIDADES CON MOZOS/AS.
CURSOS, OBRADOIROS, MESAS INFORMATIVAS...












# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011- CDR O VISO

ACTIVIDADES COA COMUNIADE. ENCONTROS, XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS, FESTAS...













POBO ESCOLA:
Para grandes e Pequenos.









# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011- CDR O VISO

ACTIVIDADES CON MAIORES:
VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE INCLUSIÓN, COMEDOR SOCIAL, TERAPIA OCUPACIONAL, XIMNASIA DE MANTEMENTO, PERRUQUERÍA, PODOLOXÍA,















## 6. MEMORIA ECONÓMICA 2011:

### Balance de situación abreviado – Exercicio 2011

| ACTIVO | NOTAS de la MEMORIA | 2011 |
|---|---|---|
| A) ACTIVO NO CORRIENTE | | 159.203,12 |
| I. Inmovilizado intangible. | | 0,00 |
| II. Bienes del Patrimonio Histórico. | | 0,00 |
| III. Inmovilizado material. | 5.1 | 157.420,20 |
| IV. Inversiones inmobiliarias. | | 0,00 |
| V. Inversiones en empresas y entidades del grupo y asociadas a largo plazo. | | 0,00 |
| VI. Inversiones financieras a largo plazo. | | 1.782,92 |
| VII. Activos por impuesto diferido. | | 0,00 |
| B) ACTIVO CORRIENTE | | 534.734,47 |
| I. Activos no corrientes mantenidos para la venta. | | 0,00 |
| II. Existencias. | | 5.158,75 |
| III. Usuarios y otros deudores de la actividad propia. | 6.1 | 5.651,20 |
| IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar. | | 176.133,77 |
| V. Fundadores/asociados por desembolsos exigidos. | | 0,00 |
| VI. Inversiones en empresas y entidades del grupo y asociadas a corto plazo | | 0,00 |
| VII. Inversiones financieras a corto plazo. | 6.1 | 260.090,09 |
| VIII. Periodificaciones a corto plazo. | | 0,00 |
| IX. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes. | 6.1 | 87.700,66 |
| TOTAL ACTIVO (A+B) | | 693.937,59 |

| PATRIMONIO NETO Y PASIVO | NOTAS de la MEMORIA | 2011 |
|---|---|---|
| A) PATRIMONIO NETO | | 677.464,33 |
| A-1) Fondos propios | | 489.627,69 |
| I. Dotación fundacional/Fondo social. | 7 | 75.372,84 |
| 1. Dotación fundacional/Fondo social. | 7 | 75.372,84 |
| 2. (Dotación fundacional no exigido/Fondo social no exigido)*. | | 0,00 |
| II. Reservas. | 7 | 424.525,45 |
| III. Excedentes de ejercicios anteriores | | |
| IV. Excedente del ejercicio. | 3,7 | 70.706,94 |
| VII.- Resultados del ejercicio | | -10.270,60 |
| A-2) Ajustes por cambio de valor | | 0,00 |
| A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos. | 8 | 187.836,64 |
| B) PASIVO NO CORRIENTE | | 0,00 |
| I. Provisiones a largo plazo. | | 0,00 |
| II. Deudas a largo plazo. | | 0,00 |
| 1. Deudas con entidades de crédito | | 0,00 |
| 2. Acreedores por arrendamiento financiero. | | 0,00 |
| 3. Otras deudas a largo plazo. | | 0,00 |
| III. Deudas con empresas y entidades del grupo y asociadas a largo plazo. | | 0,00 |
| IV. Pasivos por impuesto diferido | | 0,00 |
| V. Periodificaciones a largo plazo. | | 0,00 |
| C) PASIVO CORRIENTE | | 16.473,26 |
| I. Pasivos vinculados con activos no corrientes mantenidos para la venta | | 0,00 |
| II. Provisiones a corto plazo. | | 0,00 |
| III. Deudas a corto plazo. | | 0,00 |
| 1. Deudas con entidades de crédito. | | 0,00 |
| 2. Acreedores por arrendamiento financiero. | | 0,00 |
| 3. Otras deudas a corto plazo. | | 0,00 |
| IV. Deudas con empresas y entidades del grupo y asociadas a corto plazo. | | 0,00 |
| V. Beneficiarios-Acreedores | | 0,00 |
| VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar. | 6.2 | 16.473,26 |
| 1. Proveedores. | 6.2 | 4.516,01 |
| 2. Otros acreedores. | 6.2 | 11.957,25 |
| VII. Periodificaciones a corto plazo | | 0,00 |
| TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C) | | 693.937,59 |

### Conta de resultados abreviado – Exercicio 2011

| CUENTA DE RESULTADOS | Nota | (DEBE) 2011 |
|---|---|---|
| 1. Ingresos de la entidad por la actividad propia. | | 427.874,10 |
| a) Cuotas de usuarios y afiliados | 10 | 222.485,43 |
| b) Ingresos de promociones, patrocinadores y colaboraciones. | 10 | 1.400,00 |
| c) Subvenciones, donaciones y legados de explotación imputados a resultados del ejercicio afectas a la actividad propia. | 8,10 | 203.988,67 |
| d) Reintegro de subvenciones, donaciones y legados. | | 0,00 |
| 2. Ayudas monetarias y otros. ** | | 0,00 |
| a) Ayudas monetarias | 10 | 0,00 |
| b) Gastos por colaboraciones y del órgano de gobierno. | 10 | 0,00 |
| c) Reintegro de ayudas y asignaciones | 10 | 0,00 |
| 3. Ventas y otros ingresos ordinarios de la actividad mercantil. | | 0,00 |
| 4. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación. ** | | 0,00 |
| 5. Trabajos realizados por la entidad para su activo | | 0,00 |
| 6. Aprovisionamientos .* | 10 | -71.050,27 |
| 7. Otros ingresos de explotación | | |
| a) Ingresos accesorios y otros de gestión corriente. | 10 | |
| b) Subvenciones, donaciones y legados de explotación imputados a resultados del ejercicio afectas a la actividad mercantil. | | 0,00 |
| 8. Gastos de personal.* | 10 | -287.886,69 |
| 9. Otros gastos de explotación.* | 10 | -66.815,91 |
| 10. Amortización del inmovilizado.* | 10 | -16.910,34 |
| 11. Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al resultado del ejercicio. | | |
| a) Afectas a la actividad propia. | | |
| b) Afectas a la actividad mercantil. | | 0,00 |
| 12. Excesos de provisiones | | 0,00 |
| 13. Deterioro y resultado por enajenación de inmovilizado.** | | 0,00 |
| A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13) | | -14.789,11 |
| 14. Ingresos financieros | 10 | 4.518,51 |
| 15. Gastos financieros.* | | 0,00 |
| 16. Variaciones de valor razonable en instrumentos financieros.** | | 0,00 |
| 17. Diferencias de cambio.** | | 0,00 |
| 18. Deterioro y resultado por enajenaciones de instrumentos financieros.** | | 0,00 |
| B) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18) | | 4.518,51 |
| C) RESULTADOS EXTRAORDINARIOS POSITIVOS | | |
| D) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B+C) | | -10.270,60 |
| 19. Impuestos sobre beneficios** | | 0,00 |
| D) RESULTADO DEL EJERCICIO (C+19) | | -10.270,60 |

## 7. FONTES DE FINANCIACIÓN:

Táboa de recursos obtidos polo CDR O Viso das diferentes institucións.




CONVENIOS DE COLABORACIÓN SUSCRITOS :

1.Convenio de cooperación educativa coa Universidade de Vigo (Facultade de Humanidades – Campus de Ourense) para a realización de prácticas do alumnado de educación social, colaboración en xornadas, cursos etc...

2.Convenio de Colaboración ca Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias da Educación).

3.Convenio de colaboración entre o Concello de Sarreaus e CDR “O Viso”. (Servizos sociais)

4. Convenio de colaboración entre o Concello de Trasmiras e CDR “O Viso”. (Servizos sociais)

5. Convenio de colaboración entre o Concello de Xinzo de Limia e o CDR “O Viso”. (Servizos sociais)

6. Convenio de Colaboración co Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas. Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias . Ourense

7. Convenio de colaboración cos IES Lagoa de antela e Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia. (puntos de información – prácticas con alumnado de ciclos formativos).

8. Convenio de colaboración co Concello de Ourense dentro do programa da Concellería de Educación.

ENTIDADES COLABORADORAS:

Centro social de Xinzo de Limia.
Cruz Roja Española (Ourense)
Cáritas Diocesana de Ourense.
Instituto del Campo. INORDE
Centro de Cultura Popular do Limia.
Servicio Social Penitenciario Externo de Ourense
Cooperativa Postoiro (Vilar de Santos)
Farmacia Prieto (Xinzo de Limia)

ENTIDADES QUE FAN POSIBLE ESTE PROXECTO: